

Para comezar o terceiro trimestre en ***Ciencias Naturais***, vos deixo aquí a proposta de traballo.

O primeiro que quero que fagades é ver o corte do vídeo de “Érase unha vez os inventores”, onde o grande Arquímedes consegue demostrarlle ao rei que un ourive, cando lle fabricou a coroa, timoulle. Arquímedes pensou nas propiedades da materia e chegou a unha conclusión que abriría moitísimas portas no campo da Física (ciencia que estuda as propiedades da materia, e da enerxía e as relacións entre ambas). En youtube podedes atopar o capítulo completo, é moi interesante.

Neste tema impórtame moito que teñades unha idea moi clara dos seguintes aspectos:

1. Coñecer as propiedades da “materia”
2. Saber que a materia pode presentarse en tres estados e pode cambiar de estado.

(lembrade todo o que vimos no tema 4 de Sociais co respecto a auga, fixemos experimentos no laboratorio e comprobamos os cambios de estado).

E para todo iso precisades dominar o seguinte:

- Saber que é a materia e as súas propiedades.
- Identificar as propiedades da materia.
- Coñecer os tres estados nos que pódese atopar a materia.
- Coñecer as principais propiedades dos materiais segundo o seu estado.
- Saber que é unha substancia.
- Diferenciar substancias puras e mesturas.

Programación do traballo.

Esta programación é algo opcional. Non tes que levala de xeito ríxido. Cando leas o temas, ten diante o resumo, para que podas facerte unha idea xeral da estrutura da organización dos traballos.

Os títulos escritos e subliñados en cor azul, son enlaces que levaranche aos vídeos e ás actividades on-line.

Para poder facer algunha delas tedes que activar o permiso no teu ordenador para que funcione o "flahs".

Se o teu ordenador nono ten, podes falar cos teus pais para que te axuden a descargalo e instalalo.

| | |
|---|--|
| <p style="text-align: center;">Martes, 21</p> <ol style="list-style-type: none">1. Ver o vídeo de Arquímedes.2. Exercicios "Que sabes xa?" da páx. 95. | <p style="text-align: center;">Venres, 24</p> <ol style="list-style-type: none">1. Lectura das páxinas 96 e 97.2. Ver o vídeo "A materia"3. Exercicios 1, 2 e 3 da páx. 97. |
| <p style="text-align: center;">Martes, 28</p> <ol style="list-style-type: none">1. Lectura das páxinas 98 e 99.2. Ver o vídeo "Os cambios de estado" | |
| <p style="text-align: center;">Martes, 5</p> <ol style="list-style-type: none">1. Lectura das páxinas 100 e 101.2. Exercicios 1, 2 e 3 da páx.101 | <p style="text-align: center;">Venres, 8</p> <ol style="list-style-type: none">1. Lectura das páxinas 102 e 103.2. Exercicios 1 e 2 da páx. 1033. Exercicio "Saber máis" da páx. 103 |
| <p style="text-align: center;">Martes, 11</p> <ol style="list-style-type: none">1. Actividade interactiva "os estados da mateira"2. Actividade interactiva "substancias puras e mesturas" | <p style="text-align: center;">Venres,15</p> <ol style="list-style-type: none">1. Repaso. |